



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Febreiro 2016

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Febreiro 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 11,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,0 puntos superior ao do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,8%, 3,5 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 13,7% e os Outros servizos o 3,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,0% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de febreiro. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un crecemento do 11,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,0 puntos máis que no mes de xaneiro. O índice para España amosa un aumento do 5,8% respecto ao mes de febreiro de 2015, 3,5 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 13,7% e achega 10,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,1% e achegan 0,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,9%, case nove puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 7,4%, 4,3 puntos máis que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 17,3% e achega 8,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 24,9% e achega 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral. O *Comercio ao retalho* aumenta o 4,0%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* é o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,3 puntos, cun crecemento da súa cifra de negocios do 3,5%, 13,8 puntos menos que en Galicia; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* achegan un punto cada un á taxa xeral, con crecementos do 14,2% e 4,4% respectivamente.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,1%, debido principalmente ao *Transporte*, que aumenta a súa facturación o 5,7% e achega seis décimas á taxa do índice

xeral. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a cifra de negocios un 13,6% restando seis décimas á taxa do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,4%. Este crecemento débese principalmente ás *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentan un 8,6% e achegan sete décimas a taxa de variación do índice xeral. *Información e comunicacións*, cun crecemento do 7,9%, achega seis décimas á taxa do índice xeral.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,0% en Galicia, debido principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,7% achega 7,2 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -7,0%.

En España, nos dous primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta cinco puntos menos que en Galicia, 4,0%. Todos os sectores amosan taxas acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e a *Hostalería* son os sectores con maiores crecementos, 12,2% e 9,2% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de febreiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 13,3% e achegan 4,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Transporte* crece un 6,5% e achega un punto; en senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 14,6% e restan 1,7 puntos á taxa xeral.


Nos dous primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 5,3%, debido sobre todo ao *Comercio*, que rexistra un incremento do 10,2% e achega 1,3 puntos á taxa xeral. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 7,5% e restan 0,8 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 3,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Galicia (11,0%) e Illes Balears (9,7%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,4%) e Madrid (3,3%).

Nos dous primeiros meses do ano, tamén Galicia (9,0%) e Illes Balears (7,7%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (1,2%) e Aragón (2,2%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de febreiro de 2015, 0,5 puntos menos que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 1,6% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. O *Comercio por xunto* incrementa a ocupación un 3,1% e achega catro décimas á taxa de variación do índice xeral; o *Comercio polo miúdo* achegan tres décimas á taxa cun crecemento do 1,2%. A *Venta e reparación de vehículos* é o único sector onde diminúe a ocupación (-0,4%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,1% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achegan seis décimas á taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos danse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,8%), no *Comercio por xunto* (3,4%) e na *Hostalería* (3,0%).

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 1,8% fronte ao 2,4% en España. A *Venta e reparación de vehículos* é o único sector onde diminúe a ocupación en Galicia (-0,2%) mentres que, a nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (4,8%) como en España (3,9%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de febreiro. Os maiores incrementos danse en Canarias (3,8%) e Navarra (3,7%).

Cantabria (1,2%), Asturias (1,4%), Madrid (1,9%) e Galicia (2,0%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Cataluña (3,6%) e Canarias (3,5%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (1,0%), Cantabria (1,7%), Madrid e Galicia (1,8%) rexistran os menores incrementos.

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	96,4	11,0	9,0
Comercio	98,7	13,7	10,9
Venta e reparación de vehículos de motor	92,9	24,9	14,2
Comercio por xunto	108,8	17,3	15,7
Comercio ao retalho	82,4	4,0	1,5
Outros servizos	87,8	3,1	3,0
Transporte	100,6	5,7	4,1
Hostalería	74,5	4,3	3,2
Información e comunicacións	78,7	7,1	6,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	76,4	-13,6	-7,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,2	10,4	7,0
España			
Xeral	90,5	5,8	4,0
Comercio	90,7	4,9	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor	99,3	14,2	12,2
Comercio por xunto	93,1	3,5	2,1
Comercio ao retalho	83,5	4,4	2,1
Outros servizos	90,2	7,4	5,9
Transporte	100,3	4,2	2,2
Hostalería	85,5	10,7	9,2
Información e comunicacións	89,3	7,9	5,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	86,9	8,6	8,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	85,4	9,2	8,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	89,2	6,2	5,3
Comercio	92,9	13,3	10,2
Transporte	105,4	6,5	2,3
Hostalería	74,8	4,4	4,7
Información e comunicacións	77,5	7,1	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	87,9	-14,6	6,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	99,9	7,3	-7,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	90,5	5,8	4,0
Andalucía	89,6	6,5	3,7
Aragón	88,0	3,5	2,2
Asturias	84,1	5,4	2,7
Baleares, Illes	76,3	9,7	7,7
Canarias	97,7	6,0	4,3
Cantabria	83,5	4,9	3,0
Castilla y León	86,9	2,4	1,2
Castilla-La Mancha	86,0	5,3	2,8
Cataluña	94,3	5,9	3,6
Comunitat Valenciana	96,1	8,8	5,9
Extremadura	80,9	6,9	4,3
GALICIA	96,4	11,0	9,0
Madrid	87,0	3,3	3,2
Murcia	97,1	7,0	5,3
Navarra	87,1	5,6	2,9
País Vasco	92,6	7,7	5,2
Rioja, La	96,2	7,9	5,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	94,9	2,0	1,8
Comercio	92,7	1,6	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	83,7	-0,4	-0,2
Comercio por xunto	88,7	3,1	2,7
Comercio ao retallo	96,8	1,2	1,1
Outros servizos	96,7	2,3	2,1
Transporte	96,0	0,9	0,4
Hostalería	89,1	1,5	1,2
Información e comunicacións	86,3	2,7	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,7	1,9	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,4	5,1	4,8
España			
Xeral	97,3	2,5	2,4
Comercio	97,2	2,3	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	89,8	2,0	2,0
Comercio por xunto	100,6	3,4	3,2
Comercio ao retallo	96,3	1,6	1,6
Outros servizos	97,3	2,6	2,6
Transporte	96,1	2,0	2,1
Hostalería	94,9	3,0	3,0
Información e comunicacións	96,8	2,5	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,1	1,3	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,3	3,8	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	97,3	2,5	2,4
Andalucía	96,6	2,1	1,8
Aragón	95,3	3,3	3,1
Asturias	91,8	1,4	1,0
Balears, Illes	87,8	2,8	3,0
Canarias	100,8	3,8	3,5
Cantabria	95,0	1,2	1,7
Castilla y León	94,5	2,1	2,0
Castilla-La Mancha	96,8	2,3	2,3
Cataluña	100,4	3,4	3,6
Comunitat Valenciana	98,1	2,2	2,4
Extremadura	96,7	2,3	2,5
GALICIA	94,9	2,0	1,8
Madrid	95,9	1,9	1,8
Murcia	101,2	2,2	2,5
Navarra	99,8	3,7	3,4
País Vasco	99,9	2,1	2,1
Rioja, La	101,4	3,5	3,1

Fonte: INE